XUNTA
DE GALICIA

FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE. ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA PO-552. TREITOS: CARREGAL-ÁREA DE DESCANSO E CURRAS-TORRÓN

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a execución dunha senda peonil e ciclista na estrada PO-552, para maximizar a seguridade no tránsito peonil e ciclista e minimizar o conflito co tráfico rodado; entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 64+470 e 66+010 na parroquia de Amorín (entre Carregal e a área recreativa do Río Furnia) e entre os PP.QQ. 67+360 e 69+420 entre as parroquias de Amorín, Currás e Sobrada (no tramo Curras-Torrón), no Concello de Tomiño.

2. Plan de Estradas

A estrada convencional PO-552 (Vigo (Avda. do Alcalde Portanet) - Tui (N-551)) pertence a rede estruturante da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da Actuación

Creación dunha senda peonil e ciclista de formigón, de 2,5 m de ancho, pola marxe dereita da PO-552 entre os P.Q. 64+470 e 66+010 e entre P.Q. 67+360 e 69+420, no concello de Tomiño; que se deseña en xeral, co mesmo trazado en planta e alzado que a estrada sobre a que se apoia, e disponse a nivel da calzada agás naqueles tramos nos que se conecta con beiravías existentes ou nalgunhas paradas de bus nas que se eleva 10 cm. Para garantir a continuidade do itinerario, debido aos condicionantes existentes, modificarase puntualmente o trazado en planta da estrada PO-552 mediante o desprazamento do eixo e o estreitamento dos carrís de circulación.

Proxéctanse pasos de peóns en todas as interseccióǹs con viais municipais, dotados de pavimento podotáctil e da sinalización vertical e horizontal.

Proxéctase unha banda de aparcamento fronte á escola de Carregal de Abaixo, con funcionamento *Kiss & Go* para facilitar a baixada e recollida de alumnos, evitando así que os vehículos invadan o itinerario peonil; así como un cebreado central de 1,00 m de ancho co obxectivo de acougar o tráfico na contorna da escola.

Mantense as paradas de autobús actuais, habilitando apartadoiros para que a carga e descarga de viaxantes non interrompa o tráfico; e se deseñan abocinamentos nas entradas e saídas para favorecer as manobras do autobús, pavimento podotáctil e sinalización vertical.

Constrúese un muro de sostemento de altura inferior a 2,00 m entre os PP.QQ. 68+545-68+620.

4. Características técnicas

Seccións tipo senda:

Ancho mínimo de 2,50m (2,28 m de senda + 0,22 m bordo). Beiravía mínima de 1,50m.

Firmes e pavimentos:

Senda: 20cm de solo adecuado CBR>10 + 10 cm de formigón gris HF-3,5 + 6 cm de formigón coloreado HF-3,5.

Nos accesos aos pasos de peóns colocación de pavimento táctil indicador, de cor diferenciada. En accesos aos vaos de vehículos, o pavimento terá un espesor de 20 cm, reforzándose cun mallazo #15x15x10. Nos extremos de paradas de autobús e no extremo de saída das bandas de aparcamento colocarase un mallazo #15x15x10.

Zonas de ampliación da estrada con novo firme (bandas de aparcamento, paradas de bus e illas de contedores): 75 cm de solo seleccionado tipo E2 + 25 cm de saburra artificial ZA-20+ rega de imprimación C60BF4 IMP+ 6 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) A22 SURF BC50/70S.

Drenaxe:

Colector baixo a senda cos correspondentes pozos, sumidoiros e arquetas; gabias revestidas e en terra.

Estruturas:

Execución dun muro de sostemento de formigón en L de 75,42m de lonxitude e altura inferior a 2,0m.

Obras complementarias:

Repintado de marcas viarias; creación de areas de descanso; execución de bandas de aparcamento, paradas de autobús e illas para localización de contedores RSU. Reordenación da intersección no P.Q. 64+960 cun illote central. Reforma da regulación semafórica no P.Q. 69+150. Disposición de novas canalizacións soterradas para iluminación; realización de prisma de telecomunicacións; instalación de varandas en desniveis superiores a 55cm; reposición de 3 refuxios das paradas de autobús e bancos; reposición de sinalización, balizamentos e defensas e servizos afectados.

5. Poboación Servida (INE 2025)

Tomiño 13.738 hab.
TOTAL: 13.738 hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Tomiño.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 38 (25 titularidade privada e 13 titularidade publica), no concello de Tomiño.

Expropiación	10.538,00 €.-
Bens afectados	2.734,00 €.-
Premio de afección 5%	663,60 €.-
Ocupacións temporais	1.122,00 €.-
Total Expropiacións:	15.057,60 €.-


8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DEZAOITO (18) meses.

9. Orzamentos


Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	1.571.050,94 €.-
Orzamento de Expropiacións	15.057,60 €.-
Orzamento de Reposición Servizos Afectados de titularidade privada	3.321,81 €.-
Orzamento para control e Seguimento Arqueolóxico	9.670,03 €.-
Orzamento para Coñecemento da Administración	1.599.100,38 €.-

PLANO DE SITUACIÓN







SECCIÓNS TIPO



SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL Y CICLISTA ENRASADA A PLATAFORMA



SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL Y CICLISTA EN ACCESOS DE VEHÍCULOS



SECCIÓN TIPO ÁREA DE DESCANSO